


De 16 a 99 anos



Mankell, Henning:: *El chino*. Nun pobo sueco aparecen asasinadas dezanove persoas. A única pista é unha cinta vermella atopada na neve...



Saramago, José: *El viaje del elefante*. A mediados do século XVI o rei Juan III ofrece a seu primo, o archiduque Maximiliano de Austria, un elefante asiático. Esta novela conta a viaxe épica dese elefante chamado Salomón que tivo que percorrer Europa por caprichos reais e absurdas estratexias



Ameixeiras, Diego: *Tres segundos de memoria*. A novela gañadora do Premio Xerais 2006, fai un retrato dun sector urbano e moi damnificado da sociedade actual, onde a espontaneidade abrolla por enriba do politicamente correcto. Na súa lectura María Liñeira acha nesta obra unha viraxe na curta e prometedora traxectoria do autor.



Quiroga Díaz, Xavier: *Atuado na braña*. Unha engaiolante historia do presente que, coa mestría dunha trama inzada de paixóns, odios, obsesións e desencontros, remexe no pasado para encarar o que, quizais, non sabemos de nós mesmos. Fermosas páxinas cheas de intriga que non dan tregua ao lector.




IES VILAR PONTE
Rúa Antonio Ledesma 27
27850- Viveiro
Tlfn. 982560784
Fax 982560483

Consulta a páxina da nosa biblioteca en :
www.opacmeiga.rbgalicia.org

(Búscala en: centros de ensino-Viveiro-Lugo)

BOLETÍN Nº 1
BIBLIOTECA VILAR PONTE
ESPECIAL NADAL
2008



Unha aventura ...

Unha viaxe...

Un soño...

O mellor regalo...

Un libro

A partir de 12 anos



Sierra i Fabra, J.: *Kafka y la muñeca viajera*. Unha nena chora desconsolada porque perdeu a boneca. Kafka consólaa dicíndolle que a boneca está de viaxe e escríbelle cartas no nome da boneca...



Boyne, John: *O neno do pixama a raías*. Fermosa fábula contada por un neno e traducida a máis de vinte idiomas. Hai pouco estroouse a súa adaptación ó cine



Gómez Cerdá, A. *Las siete muertes del gato*. Germán, ao que todos coñecen polo apodo do Gato, matouse cunha motocicleta. Sete persoas pasarán a noite no tanatorio, velando o seu cadáver. Entre todas irán reconstruíndo paso a paso a súa vida, sempre ao límite e sempre marcada pola ameaza terrible do alcohol



Historia Universal para ne@s (30 libros)

A historia universal contada para nenos, coas ilustracións de Pepe Carreiro. Recomendamos empezar coa coa lectura da *Muller na historia*, pero logo podemos seguir con outros números desta colección que están na biblioteca.

A partir de 14 años



Sierra i Fabra, J.: *Chamando ás portas do ceo*. Silvia, estudante de Medicina marcha á India para traballar como cooperante nun hospital. Alí coñecerá o sufrimento dos que non teñen nada pero tamén a paz da súa conciencia.



Fernández Paz, Agustín: *O único que queda é o amor*. Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste libro: Diana, Sara, Pablo, Laura Adrián... Todos namóranse e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo.



Lourenzo González, Manuel: *O xardín das pedras flotantes*. Relata o amor entre dous adolescentes, marcado por unha historia xenealóxica que arrinca desde a Idade Media e chega ata a actualidade.



Álvarez, Blanca: *Palabras de pan*. Na posguerra, unha nena que coida vacas no monte atopa un home fuxido. Ela dalle comida e el cóntalle historias...



Gisbert, J. M.: *Los espejos venecianos*. Giovanni vai a Padua a estudar na Universidade. Alí descobre un Palazzo que encerra un gran misterio... Libro entretido e cun final sorprendente.



Gallego, Laura: *La maldición del maestro*. Segunda parte de *El valle de los Lobos*. Transcorre nunha escola de feiticería na que a primeira regra é que ningún aprendiz debe rebelarse contra o seu maestro...



Ruiz Zafón, C.: *Marina*. Carlos marcha de Barcelona pensando que podería fuxir dos seus recordos. Agora volve e descubrimos que a macabra aventura que lle marcou a xuventude encerra unha fermosa historia de amor...



Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches. Editorial Factoría K. Para saciar a curiosidade dos lectores e lectoras máis inquedos.